


Obxectivos e escenarios da Parte III

Antes de comezar esta parte asegurarse de ter unha instantánea do escenario 1.E (ou 1.F se se fixo LDAPS) da parte II das tres MVs: *dserver00*, *uclient01* e *uclient02*.


Obxectivos

- Nesta **Parte III** abordaranse os seguintes obxectivos:
 - ◆ Comprender a estrutura e compoñentes básicos da compartición de arquivos a través de NFS.
 - ◆ Instalar e configurar servidor NFS.
 - ◆ Configurar o cliente NFS para usar as carpetas compartidas polo servidor.
 - ◆ Compartir os home dos usuarios para que estes poidan iniciar sesión dende calquera cliente e almacenar a súa información na carpeta home do servidor.
- O escenario co que traballaremos é o seguinte:

Escenario 2.A Servizo NFS



- Esta imaxe mostra a instalación do servizo NFS.
- Compartindo 2 carpetas en *dserver00* nun novo disco: */home/iescalquera* e */comun*.
- Os clientes deben estar configurados para que os usuarios de LDAP poidan validarse contra *dserver00* e ao mesmo tempo acceder ás carpetas persoais e a *comun*.
- Por último axustaranse os permisos das carpetas facendo uso dos permisos POSIX (na parte V farase uso de Listas de Control de Acceso ou ACLs).
- En *dserver00*, crearemos a seguinte estrutura:



-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez